

José Freixanes expone "Fios" en la Galería Trinta. Santiago de Compostela.

13/02/2023

**"O fío que tece
o mundo**

**Nunha tarde
escindida
polos
lóstregos, José
Freixanes cose
nun costado do**



**seu obradoiro. Esparexidas polo chan, teas de azul
cobalto ou de vermello cadmio, como o que John Berger
lle reclamaba dende Francia a un amigo en Dublín. Na mesa, fíos brancos ou de cor
púrpura cos que zurce a imaxe dunha ave migratoria, o debuxo esquemático do labirinto
de Mogor ou unha secuencia de olladas infinitas que nos interrogan sobre este tempo
confuso. Remendos cos que pinta a paisaxe da memoria.**

**Entón, as metáforas agroman nunha fervenza incesante de relatos da condición humana.
Alegorías que concretan o coñecemento da existencia e debuxan unha cartografía da viaxe
primixenia. Aquela que nos aproxima a un mundo máis alá dos límites establecidos, a que
nos achega a todo aquilo que representa a unión dos opostos. Unha constante no seu
traballo, vencellado coa súa contorna biográfica, pois Freixanes vive ancorado a dúas
culturas se cadra antagónicas: á galega, polas súas orixes, e á oriental, coa que convive
dende hai décadas.**

**A obra como ese fío condutor que nos permite seguir tecendo e descifrando o tapiz do
mundo. Formas e signos que hoxe se estenden no espazo da nosa cultura. Esa é a viaxe que
a arte fai posible".**

Xosé Luís García Canido